

Déixate Guiar



Etapa: de 12 a 15 anos.



Nivel de dificultade: medio



2 socios



Temporalización: sesións



Etiquetas:

Ciberseguridade, organizacións expertas en ciberseguridade, protección mozos e familias, ciberacoso

Descrición da actividade:

Esta actividade pretende dar ós alumnos a oportunidade de coñecer que organismos se encargan no seu país de protexer a mozos e familias contra o ciberacoso. Comparar o que se fai nos distintos países membros do proxecto. Por último trátase de difundir esa información entre toda a comunidade educativa.

Obxectivos: (3 máximo)

1. Coñecer que organismos se encargan no seu país de protexer a mozos e familias contra o ciberacoso
2. Coñecer que organismos se encargan no país socio de protexer a mozos e familias contra o ciberacoso
3. Difundir esa información entre toda a comunidade educativa.

Competencias clave e temas transversais:

- Comunicación lingüística
- Competencia e seguridade dixital
- Competencias sociais e cívicas
- Educación para os medios de comunicación
- Educación do consumidor (e usuario)

Contidos curriculares:

- Comprensión lectora e expresión escrita
- Uso da web para busca de información
- Elaboración de presentacións, mapas conceptuais, pósters divulgativos

**Aspectos inclusivos:**

Tense en conta as características individuais de cada alumno á hora de organizar as tarefas, asegurando que todos poidan realizalas. No apartado creativo, todas as propostas son valoradas e tidas en conta.

Produtos/ resultados esperados:

Póster divulgativo, trítico, mapa conceptual, ou similar que permita dar a coñecer que poden facer os alumnos en caso de ciberacoso.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

A actividade consta de varias etapas.

Paso 1

Os profesores de cada centro escolar participante no proxecto acordan como agrupar os alumnos en equipos nacionais e internacionais. Preparan unha táboa cos membros de cada equipo e sóbena á páxina que crean para isto no TwinSpace.

Equipos	Alumno país 1	Alumno país 2
1	Alumno_1_1	Alumno_2_1
2	Alumno_1_2	Alumno_2_2

3	Alumno_1_3	Alumno_2_3




[Crear páxina](#) no Twinspace:

Paso 2

Os profesores de ambos países coordínanse para preparar unhas preguntas guía que axuden os alumnos na busca de información que se lles vai pedir no paso 3. A idea é que en todos os países participantes obteñan unha información fácil de comparar posteriormente.

Os profesores utilizan o email ou calquera outra vía de comunicación para coordinarse.



Imaxe 1_twinmail

Paso 3

Actividade individual. En cada centro escolar, os alumnos adican un par de sesións a averiguar que organismos existen no seu país e a súa Comunidade Autónoma adicados á información e protección de mozos e familias fronte ó ciberacoso (En España, por exemplo, temos, entre outros, o [INCIBE](https://www.incibe.es/) < <https://www.incibe.es/> >

O alumnado toma notas do seu funcionamento, teléfonos e outras vías de contacto e demais aspectos de interese, tratando de responder as preguntas que lles terán facilitado os seus profesores previamente, e que serán as mesmas para todos os países participantes no proxecto.




imaxe 2_buscando información

Paso 4

Equipos nacionais.- En cada grupo-clase, os alumnos comparten a información que encontraron en internet e deciden como presentala nun formato sinxelo de comprender polos compañeiros, utilizando mapas conceptuais (en papel ou dixital).

Se deciden facelo dixital, poden utilizar distintas ferramentas ou tipo de [mindmup](https://www.mindmup.com/)

< <https://www.mindmup.com/>> ou similar.



Imaxe 3_ facendo esquema con mindmup

Paso 5

Os profesores crean un Foro co título da actividade e abren un fío de debate para cada equipo internacional.



Tutorial: [como crear fíos no foro:](#)

Paso 6

Para este paso necesitan 2 ou 3 sesións



imaxe 4- traballando en equipos internacionais

Equipos internacionais- Os alumnos de cada equipo comparten no foro a información obtida e plasmada nos seus esquemas; comparan que organismos e sistemas se utilizan en cada país para protexer a mozos e familias, que sistema de funcionamento teñen, que vías de contacto ofrecen, etc.

Déjate Guiar

Sigue las indicaciones para compartir con tus compañeros de equipo la información que has preparado en clase.

equipo 1

Imaxe 5_foro

Una vez comparado o funcionamento deses organismos en ambos países, os membros de cada equipo internacional estudan cómo facer chegar esa información ó resto da súa comunidade educativa (por exemplo, posters divulgativos, que poden compartirse fácilmente a través da páxina web ó centro escolar e colgarse en formato papel, en tablóns e nas aulas).

Engaden á información obtida as súas propias propostas de mellora, pensando sobre todo nos seus centros escolares.

Poden utilizar Canva, Sway, Adobe Spark, ou similar.



[Canva](https://www.canva.com/es_es/) < https://www.canva.com/es_es/> ,

[Adobe spark](https://www.adobe.com/es/products/spark.html) < <https://www.adobe.com/es/products/spark.html> > ,

[Sway](https://sway.office.com) <<https://sway.office.com>>

NOTA: dependendo da habilidade dos alumnos, os profesores poden propoñer que ferramenta utilizar e facilitar un tutorial. Para isto poden crear unha páxina co nome “ferramentas dixitais” ou similar.

Paso 7

Un profesor crea unha páxina co nome da actividade e engaden un TwinBoard

Os alumnos soben os seus posters divulgativos ó TwinBoard, cada un cun número.

Paso 8

Os alumnos revisan os posters elaborados polos seus compañeiros e votan para seleccionar cal queren compartir na páxina web do centro escolar e cales prefiren imprimir para colgar polas dependencias do centro.



Poden utilizar o “poll” do twinspace , office 365 - [forms](https://www.microsoft.com/es-es/microsoft-365/online-surveys-polls-quizzes) <https://www.microsoft.com/es-es/microsoft-365/online-surveys-polls-quizzes> ou similar

pósters divulgativos

Add item

recuerda:
debes numerar tu póster

1-utilizaremos el twinboard de abajo para subir nuestros pósters divulgativos. No olvides ponerles número.

Vota qué póster te parece más adecuado para compartirlo en la página de cada Centro; Presta atención a la claridad con la que se expone la información, no sólo a la estética.

☐ 1
☐ 2
☐ ...

Vote View result

Imaxe 6_páxina con twinboard

e enquisa

Paso 9

En cada centro escolar, os alumnos recollen todas as propostas que cada equipo pensou para loitar contra o ciberacoso. Organizan unha reunión co equipo directivo. Acordan a forma na que van presentar as propostas ó equipo directivo. Poden facelo de diversas formas dependendo do tipo de centro, do número de alumnos implicados e da implicación do equipo directivo, pero un deles ten que encargarse de gravar a reunión para logo poder compartilo cos seus compañeiros internacionais, subindo a gravación ó TwinBoard e á páxina web do instituto.



Imaxe 7_entrevista co equipo directivo

Paso 10

Como fin da actividade, organízase unha videoconferencia. Os profesores preparan unhas preguntas e organizan unha ronda de intervencións para que o alumnado poida falar e comentar o que aprenderon.

Nota: a videoconferencia prográmase no TwinSpace, pero convén ter un plan B por se houberse problemas técnicos de última hora. Pódese falar cos demais socios e acordar outra plataforma (Hangouts, Google meet, Jitsi, ou similar).



Tutorial: Como [programar unha videoconferencia](#) no Twinspace:



Imaxe 8- videoconferencia

Paso 11

Autoavaliación e Coavaliación. Cada alumno completa a súa ficha de autoavaliación (créase un modelo que sirva para todos os membros do proxecto) e a ficha de coavaliación creada para as actividades colaborativas.

Exemplo de ficha de autoavaliación:

actividade	Ferramenta utilizada	data	Fíxeno ben, estou satisfeito	Fíxeno. Está pasable	Fíxeno pero non está moi ben	aínda non acabei	Sen facer



*Durante todo o proceso, os profesores supervisan e asesoran pero permitindo ós alumnos a liberdade de creación que a actividade requira.



. Ferramentas do TwinSpace / ferramentas 2.0 externas:



Twinspace: TwinBoard, Materiais, Foro, TwinMail

Ferramentas 2.0 externas

- [Canva](#)
- [Sway](#)
- [Adobe spark](#)
- [mindmup](#)
- [forms](#)